

3.7. Outros indicadores de benestar social

TRAS ANALIZAR NOS CAPÍTULOS ANTERIORES A COBERTURA E O FINANCIAMENTO DAS PRESTACIÓNS sociais e sanitarias, a educación e o medio ambiente, o obxectivo deste capítulo é analizar diferentes indicadores de benestar social que determinan outros aspectos da calidade de vida. Os catro ámbitos considerados para avaliar a calidade de vida son o consumo, a vivenda, a cultura e o ocio e a participación cívica.

Como punto de partida, o **cadro 3.7.1.** reflicte os doce compoñentes de benestar social recollidos no Anuario Social de España 2004 para o período 2001-2002: índice de renda, índice de saúde, índice de servizos sanitarios, índice de nivel educativo e cultural, índice de oferta educativa, cultural e de ocio, índice de emprego, índice de condicións de traballo (calidade de emprego), índice de vivenda e equipamento do fogar, índice de accesibilidade económica e seguridade vial, índice de convivencia e participación social, índice de seguridade cidadá e índice de entorno natural e clima.

O devandito cadro reflicte que Galicia presenta uns índices inferiores á media estatal no caso da renda, saúde, oferta educativa e vivenda e equipamento do fogar, sendo superior no que ós índices de accesibilidade económica e seguridade vial, seguridade cidadá e entorno natural e clima se refire.

CONSUMO

Esta análise do consumo está dividida en dous grandes apartados nos que se estudia, por unha banda, a renda familiar bruta dispoñible e o gasto medio anual por persoa, a partir dos datos facilitados polo INE e polo Funcas. Pola outra, coméntanse os datos da protección ao consumidor, tomando como indicadores o número de consultas e reclamacións atendidas no Instituto Galego de Consumo, e a actividade dos colexios arbitrais da Xunta de Galicia.

• Renda familiar bruta dispoñible e gasto medio anual por persoa

O comportamento do consumo privado está ligado á evolución da renda familiar bruta dispoñible, que indica o poder de compra das familias. No ano 2004, esta variable ascendeu en Galicia a 34.554,6 millóns de euros, un 6,2% máis que no ano anterior, o que representa o 5,8% da renda familiar bruta dispoñible no conxunto do Estado.

Se a análise se fai en termos per cápita, a renda familiar bruta dispoñible por habitante en Galicia acadou en 2004 o 90,3% do valor medio de España (España = 100), o que supón unha medra de 8,7 puntos porcentuais en relación a situación de 1995.

O **gasto medio por persoa** en Galicia no cuarto trimestre do ano 2004, segundo os datos do INE, foi de 1.809,27 euros, un 9,4% menos do gasto medio por persoa para o conxunto do Estado (1.997,06 euros). Como amosa o **cadro 3.7.2.**, en termos absolutos, o gasto medio por persoa en Galicia é superior ao rexistrado no cuarto trimestre en Andalucía, Castela A Mancha, Extremadura, Murcia e Ceuta e Melilla.

CADRO 3.7.1. ►

Principais indicadores de benestar social nas CC.AA. 2001-02

(base España = 100)

	Renda	Saúde	Servizos sanitarios	Nivel educativo e cultural	Oferta educativa, cultural e ocio	Emprego	Condições traballo (calidade do emprego)	Vivienda e equipamento do fogar	Accesibilidade económica e seguridade vital	Convivencia e participación social
Andalucía	76-82	95-100	84-92	76-88	70-80	55-70	90-100	100-110	100-115	90-100
Aragón	106-112	95-100	124-132	112-124	110-120	115-130	80-90	110-120	85-100	100-110
Asturias	94-100	80-85	124-132	100-112	90-100	70-85	80-90	90-100	70-85	80-90
Baleares	112-118	85-90	108-116	88-100	superior 140	130-145	90-100	100-110	100-115	70-80
Canarias	94-100	95-100	100-108	112-124	100-110	85-100	100-110	80-90	145-160	80-90
Cantabria	100-106	105-110	116-124	136-148	100-110	100-115	70-80	100-110	85-100	90-100
Castela e León	94-100	95-100	100-108	100-112	110-120	85-100	90-100	90-100	70-85	110-120
Castela - A Mancha	82-88	105-110	76-84	52-64	80-90	85-100	70-80	90-100	85-100	120-130
Cataluña	112-118	90-95	124-132	136-148	100-110	115-130	100-110	130-140	130-145	70-80
Comunidade Valenciana	94-100	90-95	100-108	88-100	80-90	100-115	100-110	100-110	130-145	90-100
Extremadura	Inferior/igual 76	105-110	92-100	64-76	80-90	55-70	120-130	90-100	70-85	110-120
Galicia	82-88	85-90	92-100	88-100	70-80	85-100	90-100	60-70	100-115	90-100
A Coruña	82-88	80-85	92-100	112-124	80-90	70-85	80-90	70-80	115-130	80-90
Lugo	82-88	Inferior/igual 80	92-100	Inferior/igual 52	70-80	100-115	superior 140	Inferior/igual 60	55-70	100-110
Ourense	88-94	80-85	92-100	64-76	60-70	100-115	90-100	Inferior/igual 60	85-100	90-100
Pontevedra	82-88	90-95	92-100	100-112	60-70	70-85	80-90	70-80	100-115	80-90
Madrid	118-124	105-110	124-132	136-148	90-100	115-130	superior 140	130-140	Superior a 160	80-90
Murcia	82-88	85-90	76-84	76-88	70-80	115-130	130-140	110-120	145-160	100-110
Navarra	Superior 124	110-115	Superior 132	Superior 148	100-110	Superior 160	100-110	superior 140	115-130	80-90
País Vasco	Superior 124	95-100	124-132	136-148	90-100	130-145	80-90	130-140	130-145	80-90
A Rioxa	112-118	95-100	84-92	112-124	100-110	130-145	90-100	100-110	85-100	100-110
Total	94-100	95-100	92-100	88-100	90-100	85-100	90-100	90-100	85-100	90-100

Fonte: La Caixa, Anuario Social de España 2004

Gasto medio por persoa nas CC.AA. de residencia 2003-04: distribución segundo gasto en alimentación e resto de gastos

	2003		2004		04/03	
	Total	Alimentos, bebidas e tabaco	Total	Alimentos, bebidas e tabaco	Total	Resto
Andalucía	1.702,10	385,17	1.734,76	365,02	1.369,73	1,9
Aragón	1.880,25	441,77	2.059,41	449,75	1.609,66	9,5
Asturias	1.920,28	432,49	2.046,11	420,33	1.625,78	6,6
Baleares	2.098,24	341,43	2.256,48	404,35	1.852,13	7,5
Canarias	1.651,80	322,50	1.870,93	367,27	1.503,66	13,3
Cantabria	1.838,96	407,21	2.059,54	479,27	1.580,27	12,0
Castela e León	1.708,86	388,70	1.931,72	427,32	1.504,40	13,0
Castela - A Mancha	1.551,75	340,46	1.728,42	416,65	1.311,78	11,4
Cataluña	1.976,29	422,21	2.148,47	449,76	1.698,71	8,7
Comunidade Valenciana	1.846,09	410,64	1.991,12	409,06	1.582,06	7,9
Extremadura	1.330,80	371,56	1.346,94	358,44	988,50	1,2
Galicia	1.782,58	477,34	1.809,27	482,54	1.326,73	1,5
Madrid	2.159,07	393,69	2.440,51	437,32	2.003,19	13,0
Murcia	1.539,11	393,18	1.734,58	407,41	1.327,17	12,7
Navarra	2.334,75	419,82	2.120,52	355,91	1.764,61	-9,2
País Vasco	2.028,82	480,79	2.204,90	476,44	1.728,46	8,7
A Ríoxa	1.871,58	392,02	1.996,40	418,05	1.578,35	6,7
Ceuta e Melilla	1.658,73	395,96	1.738,74	380,04	1.358,70	4,8
Total	1.851,31	403,53	1.997,06	419,06	1.577,99	7,9

(1) Os datos corresponden ó cuarto trimestre de cada ano.
Fonte: INE, Encuesta Continua de Presupuestos familiares

◀ CADRO 3.7.2.

Deses 1.809,27 euros, Galicia dedica un 26,7% á compra de alimentos, bebidas e tabaco, sendo a comunidade coa maior porcentaxe de gasto nestes produtos seguida de Estremadura (26,6%). En España, esta porcentaxe ascende ao 21,0%. Comparado co ano anterior, o gasto medio nestes produtos medrou en Galicia un 1,1% respecto ao ano anterior, fronte ao 3,8% do conxunto estatal.

• Protección ao consumidor

Ao longo do ano 2004 o Instituto Galego de Consumo (IGC), dependente da Consellería de Innovación, Industria e Comercio, atendeu un total de 21.260 consultas, o que supón un incremento do 5,5% respecto do ano 2003; e 12.396 reclamacións, un 17% máis que no exercicio anterior.

En relación aos sectores que máis solicitudes de información tiveron, salientan as telecomunicacións (4.464 solicitudes de información), vivenda (2.500), venda e reparación de automóbil (1.755), venda e reparación de electrodomésticos (1.339) e téxtil e prendas de vestir (777).

No concernente ao número de reclamacións atendidas, a telefonía é tamén o sector con maior número de reclamacións, con 4.075 reclamacións. Séguenlle en importancia, no que ao número de número de queixas se refire, os servizos de venda e reparacións de automóviles (900), de aparellos de uso doméstico (747), transporte aéreo (454) e tinturerías (348). As reclamacións motivaron gran parte das 23.709 actuacións de inspección levadas a cabo polos servizos do IGC, que supuxeron un incremento do 30% respecto do ano 2003.

No que atinxe á actividade dos **colexios arbitrais** dependentes da Xunta de Galicia, o número total de empresas adheridas á Xunta Arbitral de Consumo ascendeu en 2004 a 6.830 empresas e profesionais, as que se engaden outras que teñen subscrito o compromiso coa Xunta Arbitral Nacional e ten efectividade en todo o territorio español. O número de solicitudes arbitrais presentadas ante a Xunta Arbitral de Consumo de Galicia en 2004 ascendeu a 4.460, das que 1.058 (o 23%), tiveron que ser arquivadas debido á non aceptación da vía por parte do empresario.

Fóra das solicitudes rexeitadas polos empresarios, outras das que os consumidores desistiron posteriormente e das que estaban en trámite a principios do ano 2005, os colexios arbitrais resolveron ao longo do ano 2004 un total de 1.554 reclamacións (un 18% máis que en 2003), das que 142 foron solucionadas sen necesidade da celebración de vistas.

Os laudos dictados polos diferentes colexios arbitrais en 2004 ascenderon a 1.412, dos que 824 foron estimatorios (a favor do consumidor), 428 desestimatorios e 160 conciliatorios. Cómpre salientar que Galicia no ano 2004 foi a segunda Comunidade autónoma en número de laudos dictados, por detrás só de Cataluña.

Ao longo do ano 2004, leváronse a cabo un total de 28 campañas de inspección, o que supuxo 2.382 actuacións. Dentro das mesmas realizáronse controis de calidade de produtos do mercado, cun total de 70 tomas de mostrás.

Por outra banda, como consecuencia das 619 notificacións da Rede de Alerta, desenvolvéronse 17.328 actuacións, un 66% máis que no ano 2003.

Finalmente é importante destacar a aprobación da Lei de Inspección de

Indicadores da vivenda en Galicia e España

	Galicia	España
Construcción de viviendas libres		
Viviendas iniciadas, 2004 (miles)	36.773	739.658
Variación interanual 2004-03 (%)	1,7	7,2
Viviendas terminadas, 2004 (miles)	23.921	496.785
Variación interanual 2004-3 (%)	7,9	8,3
Superficie media vivenda nova en bloque (en m ²)	99,8	102,4
Const. viviendas afectadas por actuaciones protexibles		
Total viviendas protexidas iniciadas, 2004 (miles)	3.900	68.527
Variación interanual 2004-3 (%)	-19,3	-4,5
Total viviendas protexidas terminadas, 2004 (miles)	3.276	55.662
Variación interanual 2004-3 (%)	84,9	27,6
Prezos da vivenda libre e salarios		
Euros/metro cadrado de vivenda, 2004	1.036,70	1.641,90
Variación interanual 2004-03 (%)	12,3	17,3

Fonte: Consejo Económico y Social, Memoria socioeconómica y laboral de España 2004

◀ CADRO 3.7.3.

Consumo, normativa que vai incidir na defensa dos dereitos dos consumidores e usuarios de Galicia.

VIVENDA

O número de vivendas libres iniciadas en 2004 medrou en Galicia un 1,7% respecto ao acontecido no ano anterior, e o de vivendas rematadas, o fixo nun 7,9%. En termos absolutos, o número total de vivendas iniciadas foi de 36.773 miles de vivendas (o 5,0% do total estatal) e o vivendas rematadas, de 23.921 miles de vivendas (o 4,8% das vivendas rematadas en España). A superficie media da vivenda nova en bloque en Galicia foi no derradeiro ano de 99,8 metros cadrados, lixeiramente inferior á media estatal, con 102,4 metros cadrados.

No caso da construción de vivendas afectadas por actuacións protexibles, **cadro 3.7.3.**, o número de total de vivendas iniciadas no último ano descendeu tanto en Galicia coma no conxunto do Estado, sendo este descenso do 19,3% en Galicia e do 4,5% de media en España. Pola contra, no último ano prodúcese unha medra do número total de vivendas protexidas terminadas, sendo este crecemento do 84,9% en Galicia e do 27,6% en España. En 2004, Galicia acolle o 5,7% das vivendas protexidas iniciadas (3.900 miles de vivendas) e o 5,9% das vivendas protexidas rematadas (3.276 miles de vivendas).

As posibilidades de acceso a unha vivenda en propiedade volven a empeorar no último ano ante o continuo aumento dos prezos inmobiliarios. Como reflicte o devandito **cadro 3.7.3.**, o prezo da vivenda libre en 2004 medrou en Galicia un 12,3% respecto ao ano anterior (17,3% de media no conxunto do Estado), acadando os 1.036,70 euros por metro cadrado (1.641,90 euros de media en España). Este incremento non se corresponde co crecemento medio dos salarios, polo que se produce un empeoramento da relación entre prezos e ingresos familiares. O custo salarial total por traballador medrou en Galicia un 1,5% (2,8% de media en España), situándose nos 1.290,09 euros ao mes.

Se se define a ratio de solvencia coma a relación entre os prezos das vivendas e os salarios, unha vivenda media (considerada como aquela cunha superficie de noventa metros cadrados) ten en Galicia un prezo similar a 6,0 veces o custo salarial total medio de 2004, seis décimas superior ao existente no ano anterior. No conxunto do Estado esta ratio ascende ata o 8,1, un punto porcentual máis que en 2003.

CADRO 3.7.4. ►

Grao de accesibilidade á vivenda en Galicia 2002-04			
	2002	2003 (%)	2004
1º trimestre	42,2	45,0	43,9
2º trimestre	43,5	44,6	43,4
3º trimestre	46,6	43,1	42,9
4º trimestre	42,1	40,6	41,6

Fonte: IGE

Os datos do IGE sobre o grado de accesibilidade á vivenda –porcentaxe que representa sobre a renda a cota anual (amortización e xuro) dun préstamo hipotecario concertado a quince anos, ao tipo de xuro vixente, para financiar o 80% do valor da vivenda tipo– amosan que os tres primeiros trimestres do ano 2004 presentan unha accesibilidade inferior ao mesmo período do ano anterior. Pola contra, no derradeiro trimestre do ano, o grao de accesibilidade a vivenda é do 41,6%, un punto porcentual superior ao do ano anterior (**cadro 3.7.4.**).

No acceso a unha vivenda en propiedade, o comportamento alcista dos prezos non se ve paliado coa evolución dos tipos de xuro. Atendendo aos datos da *Estadística de hipotecas* do INE, ao longo do ano 2003 (último ano dispoñible) o número de hipotecas medrou en Galicia un 13,1% en relación ao ano anterior, sendo a medra do 29,3% no caso do importe medio das mesmas. No conxunto do Estado, as hipotecas medraron un 10,5% e o seu importe medio un 25,5%.

No concernente á execución anual do Plan de vivenda 2002-2005, o **cadro 3.7.5.** reflicte o grao de cumprimento do programa 2004, que inclúe as liñas de axuda a inquilinos e rehabilitación para a cesión en arrendamento do denominado “Plan de Choque” en materia de vivenda e solo (*Real Decreto 1721/2004, de 23 de xullo*). Os datos do grado de cumprimento das actuacións establecidas indican que, ao igual que acontecera no ano anterior, non só se cumpriron as actuacións correspondentes ao programa 2004, senón que ademais, se superaron as actuacións convidadas. Galicia foi a comunidade autónoma que presentou o maior grado de cumprimento, co 229,9%, sendo esta porcentaxe do 134,9% no conxunto do Estado. As actuacións con menor grado de cumprimento foron as de rehabilitación para cesión de arrendamento, cun 4,7% (2,2% de media en España).

CULTURA E OCIO

O apartado dedicado á análise da cultura, tras presenta-la evolución dos diferentes programas dos presupostos da Xunta de Galicia nesta materia, analiza a actividade editorial ao longo dos dous últimos anos (libros e prensa escrita), a oferta e a demanda dos medios audiovisuais (artes escénicas, música clásica e moderna, radio e televisión, e cine).

Para a realización do mesmo, analízanse os datos facilitados nos presupostos Xerais da Xunta, a Sociedad General de Autores y Editores de las Artes escénicas, musicales y audiovisuales (SGAE) e a Oficina de Justificación de la Difusión (OJD).

O **cadro 3.7.6.** reflicte o presuposto consolidado da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo e a súa distribución por programas. Este presu-

Actuacións do Plan de Vivenda 2002-2005. Programa 2004 por CC.AA.

	Vivendas protexidas de nova construción			Adquisición vivendas existentes		Rehabilitación		Cesión en aluguer		Solo para vivendas protexidas	Total
	Total	Para venda	Para aluguer			Total	Protexidas				
Total nacional	58.715	38.070	20.645	5.720		43.025	28.025	15.000		11.130	118.590
Convidas Realización (%)		155,6	65,9	298,2		122,7	187,1	2,2		155,9	134,9
Galicia	2.722	1.730	992	125		2.460	1.605	855		120	5.427
Convidas Realización (%)		287,6	134,3	588,0		209,3	318,3	4,7		240,0	229,9
Asturias	1.808	1.025	783	310		1.445	950	495		1.000	4.563
Convidas Realización (%)		94,3	53,5	393,6		115,6	165,0	20,8		345,7	169,5
Cantabria	1.224	920	304	255		735	450	285		-	2.214
Convidas Realización (%)		59,2	25,0	86,3		115,7	188,9	-		-	76,4
Cataluña	8.008	5.000	3.008	1.300		9.640	7.465	2.175		1.500	20.448
Convidas Realización (%)		84,4	63,3	28,3		134,9	174,2	-		14,5	96,4
Castela e León	3.064	2.050	1.014	300		3.635	2.825	810		1.400	8.399
Convidas Realización (%)		201,5	23,9	478,0		233,7	300,7	-		80,6	183,7
A Ríoxa	1.030	665	365	145		755	500	255		100	2.030
Convidas Realización (%)		138,2	26,0	369,0		226,6	342,2	-		-	160,6
Aragón	2.113	1.500	613	405		2.125	1.555	570		1.325	5.968
Convidas Realización (%)		91,0	-	148,9		87,8	119,9	-		306,0	132,2
Madrid	9.789	6.645	3.144	600		6.435	4.050	2.385		2.400	19.224
Convidas Realización (%)		184,7	97,6	197,7		87,7	139,4	-		157,3	135,0
Castela-A Mancha	2.915	2.150	765	190		1.880	1.280	600		50	5.035
Convidas Realización (%)		257,3	53,2	365,8		113,9	164,8	5,3		-	174,3
C. Valenciana	7.689	5.490	2.199	1.250		3.235	1.525	1.710		800	12.974
Convidas Realización (%)		124,6	68,3	616,4		89,8	190,6	-		84,8	151,3
Extremadura	2.355	1.855	500	140		2.050	1.600	450		260	4.805
Convidas Realización (%)		126,9	-	377,1		140,4	179,9	-		36,5	121,9
Andalucía	7.746	3.570	4.176	300		4.265	1.700	2.565		1.500	13.811
Convidas Realización (%)		297,0	54,3	381,3		69,0	173,1	-		192,8	143,7
Murcia	3.844	3.015	829	125		1.030	370	660		25	5.024
Convidas Realización (%)		59,7	4,0	272,8		49,0	136,5	-		-	53,3
Baleares	899	440	459	160		1.965	1.605	360		50	3.074
Convidas Realización (%)		92,5	37,0	71,9		117,0	143,2	-		96,0	98,8
Canarias	3.163	2.000	1.163	100		1.483	688	795		600	5.346
Convidas Realización (%)		106,1	172,1	219,0		58,6	58,6	18,9		119,3	114,1

Fonte: Consejo Económico y Social, Memoria socioeconómica y laboral de España 2003

**Presupostos consolidados da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo 2003-04:
distribución dos créditos por programas**

	2003	2004	04/03
	(en miles de €)		(%)
Dirección e Servizos Xerais de Cultura	21.180,6	45.187,6	113,3
Bibliotecas	3.874,4	3.874,4	0,0
Arquivos e Museos	3.403,8	4.291,8	26,1
Promoción, difusión e cooperación cultural	21.807,2	21.832,4	0,1
Audiovisual	7.929,4	9.019,8	13,8
Teatro, música e danza	8.465,3	8.953,2	5,8
Patrimonio hist., artístico e arqueolóxico	19.044,1	19.914,5	4,6
Exposicións e artes plásticas	525,0	525,0	0,0
Cobertura informativa e apoio a com. social	7.367,3	6.326,7	-14,1
Radiodifusión e TVG	85.637,1	96.448,4	12,6
Ordenación e xestión do turismo. Plan Galicia	3.122,5	655,0	-79,0
Xacobeo	24.628,6	34.035,3	38,2
Ordenación, prom. e xestión e Fomento do turismo	29.634,6	36.719,7	23,9
Elaboración e difusión estatística	150,4	150,4	0,0
Plan Galego de I+D Técnico	4,8	1,5	-68,8
Total	236.775,1	287.935,7	21,6

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

CADRO 3.7.6. ►

posto ascendeu a 287.935,7 miles de euros no ano 2003, un 21,6% máis que no exercicio anterior, cando se dedicaron un total de 236.775,1 miles de euros. Os programas cun maior presuposto son o de Radiodifusión e TVG, con 96.448,4 miles de euros, o de fomento e potenciación do turismo, con 36.719,7 miles de euros, e mailos programas do Xacobeo, con 34.035,3 miles de euros.

Xunto á Consellería e o seu organismo autónomo, o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), existen cinco sociedades públicas -S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, Compañía de R.T.V.G., Turgalicia, S.A., Redes de Telecomunicación galegas, S.A. (RETEGAL) e a fundación pública cidade da cultura- cun presuposto total no ano 2004 de 237.447 miles de euros fronte ós 184.238 miles de euros doa no anterior.

Dende un punto de vista normativo, cómpre salientar que o Parlamento de Galicia aprobou, por unanimidade, o vinte e dous de setembro de 2004, o **Plan Galego de Normalización Lingüística**. Como obxectivos xerais do Plan establécense os de:

- garantir a posibilidade de vivir en Galego a quen así o desexe, sabendo que conta co amparo da lei e das institucións;
- conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso, priorizando a súa presenza en sectores estratéxicos;
- introducir na sociedade a oferta positiva de atender o cidadán ou o cliente en galego como norma de cortesía dun novo espírito de convivencia lingüística;
- promover unha visión afable, moderna e útil da lingua galega que esfarele prexuízos, reforte a súa estima e aumente a súa demanda;
- dotar ao galego dos recursos lingüísticos e técnicos necesarios que o capaciten para vehicular a vida moderna.

• **A actividade editorial**

Ao longo do ano 2004 a produción editorial en galego ascendeu a 1.377 títulos (o 2,3% títulos publicados no conxunto do Estado e o 57% dos libros e folletos producidos Galicia) o que significa un incremento do 1,6% respecto ao ano anterior, e o número de exemplares en galego foi de 3.201 miles (o 1,5% do conxunto Estado), un 6,3% superior ao rexistrado no 2003.

Producción editorial 2003-04 títulos e nº de exemplares: distribución segundo o idioma da publicación

	Títulos publicados			Nº de exemplares		
	2003	2004	04/03 (%)	2003 (miles)	2004	04/03 (%)
Castelán	56.512	47.520	-15,9	196.684	174.458	-11,3
Catalán, valenciano e balear	8.354	6.119	-26,8	19.035	15.006	-21,2
Galego	1.355	1.377	1,6	3.010	3.201	6,3
Euskera	1.044	1.041	-0,3	2.261	2.142	-5,3
Outros idiomas ou dialectos nacionais	149	123	-17,4	208	121	-41,8
Alemán	133	125	-6,0	376	431	14,6
Francés	317	268	-15,5	1.460	1.100	-24,7
Inglés	1.133	1.149	1,4	3.807	4.064	6,8
Outros idiomas estranxeiros	1.034	889	-14,0	7.683	9.299	21,0
En dous ou máis idiomas	2.017	1.881	-6,7	4.223	3.736	-11,5
Total títulos publicados	72.048	60.492	-16,0	238.747	213.558	-10,6

Fonte: INE, Estadística de la producción editorial de libros

Nº de títulos e exemplares traducidos 2003-04: distribución segundo idioma orixinal

	Títulos			Exemplares		
	2003	2004	04/03 (%)	2003 (miles)	2004	04/03 (%)
Castelán	824	836	1,5	3.105	3.186	2,6
Catalán, valenciano e balear	211	217	2,8	591	510	-13,7
Galego	24	48	100,0	126	178	41,3
Euskera	40	55	37,5	65	177	172,3
Outros idiomas ou dialectos nacionais	16	16	0,0	36	38	5,6
Alemán	612	592	-3,3	3.053	3.987	30,6
Francés	774	1.041	34,5	3.249	5.200	60,0
Inglés	5.050	5.737	13,6	24.966	44.494	78,2
Outros idiomas estranxeiros	906	934	3,1	3.915	5.262	34,4
En dous ou máis idiomas	41	82	100,0	326	265	-18,7
Total títulos publicados	8.498	9.558	12,5	39.432	63.297	60,5

Fonte: INE, Estadística de la producción editorial de libros

A produción editorial total en Galicia no ano 2004 ascendeu a 2.414 títulos, un 1,7% máis que no ano 2003, sendo a súa tirada media de 1.971 exemplares por título, fronte ós 1.832 exemplares do ano anterior.

▲ CADRO 3.7.7.

▲ CADRO 3.7.8.

Da produción editorial total en España (60.492 títulos publicados), o **cadro 3.7.7.** reflicte que se editan en castelán o 78,5% dos títulos, un 10,1% en catalán, valenciano e balear e un 1,7% en euskera. Comparado co ano anterior, o devandito cadro amosa que fronte ao aumento dos títulos en galego, diminúe a publicación de libros en catalán (-26,8%), castelán (-15,9%) e euskera (-0,3%).

O **cadro 3.7.8.** amosa o número de títulos e exemplares traducidos ao longo dos anos 2003 e 2004. No último ano traducíronse ao galego un total 48 libros (24 máis que no 2003), sendo o número de exemplares de 178 (126 en 2003).

Atendendo á produción editorial nas diferentes comunidades autónomas, o **cadro 3.7.9.** reflicte que Galicia segue sendo, ao igual que no ano anterior, a sétima comunidade en canto ao número de títulos publicados, por detrás de Madrid, Cataluña, Andalucía, a C. Valenciana, Castela e León e o País Vasco.

Respecto á prensa escrita, os dous principais xornais galegos presentan unha lixeira caída da súa tirada e difusión. *La Voz de Galicia*, principal xornal gale-

CADRO 3.7.9. ►

Producción editorial nas CC.AA. 2003-04: títulos e exemplares

	Total		Exemplares (1)		Libros		Exemplares (1)		Folletos	
	2003	2004	2003	2004	2003	2004	2003	2004	2003	2004
Andalucía	4.734	4.632	5.759	6.079	4.185	3.941	4.988	5.177	549	691
Aragón	1.728	1.684	3.731	5.733	1.363	1.336	3.020	4.795	365	348
Asturias	1.414	1.086	2.471	1.945	1.170	863	2.063	1.593	244	223
Baleares	913	669	1.323	833	682	542	955	726	231	127
Canarias	1.009	805	1.138	963	846	677	920	793	163	128
Cantabria	439	433	768	694	364	341	706	583	75	92
Castela e León	2.854	2.693	6.946	6.094	2.429	2.288	5.499	4.666	425	405
Castela - A Mancha	969	785	1.547	1.316	830	676	1.345	1.217	139	109
Cataluña	22.169	15.612	97.843	79.015	18.854	13.231	87.499	68.951	3.315	2.381
C. Valenciana	4.032	3.776	5.506	5.726	3.442	3.142	4.750	4.477	590	634
Extremadura	513	487	479	483	440	409	422	394	73	78
Galia	2.373	2.414	4.349	4.760	1.980	2.013	3.813	4.041	393	401
Madrid	23.894	20.742	92.617	89.573	19.558	17.126	82.076	80.390	4.336	3.616
Murcia	893	804	1.009	1.093	780	684	861	899	133	120
Navarra	1.333	1.186	7.396	3.581	1.203	1.061	6.529	3.336	130	125
País Vasco	2.553	2.485	5.620	5.366	2.175	2.024	4.510	4.167	378	461
Rioxa	190	180	215	185	146	155	162	165	44	25
Ceuta e Melilla	38	19	29	19	29	16	22	11	9	3
Total	72.048	60.492	238.746	213.558	60.456	50.525	210.140	186.381	11.592	9.967
										28.607

(1) exemplares en miles

Fonte: INE, Estadística de la producción editorial de libros

Penetración dos medios de comunicación nas CC.AA. 2004

	Diarios	Suplementos	Revistas	Radio (1)	Televisión (1)	Cine (2)	Internet (3)
	(%)						
Andalucía	30,1	21,3	48,2	55,9	91,5	8,4	14,3
Aragón	45,0	37,3	56,0	55,7	90,6	5,9	17,3
Asturias	55,6	46,0	59,4	59,2	90,8	7,6	16,0
Baleares	48,4	29,0	62,5	56,5	89,2	10,7	20,1
Canarias	40,1	16,3	61,9	53,4	86,0	9,5	15,8
Cantabria	52,8	51,6	55,3	63,1	86,5	8,3	20,0
Castela e León	44,8	36,8	56,7	59,2	91,9	7,1	12,9
Castela-A Mancha	25,7	17,0	49,0	49,0	93,8	5,2	10,2
Cataluña	45,8	30,8	57,5	56,0	88,0	10,4	20,3
C.Valenciana	33,5	23,3	54,2	55,5	90,3	9,6	15,8
Extremadura	28,6	23,9	50,9	50,9	93,4	5,6	11,4
Galicia	47,9	34,2	51,5	53,9	86,9	7,7	12,0
Madrid	47,2	33,1	64,8	60,1	88,4	11,1	22,5
Murcia	31,8	28,8	48,8	55,8	88,8	5,0	13,5
Navarra	57,7	55,2	52,3	56,5	88,2	10,3	18,1
País Vasco	55,0	55,5	51,4	68,1	89,3	9,7	21,7
A Ríoxa	48,0	44,2	52,2	55,6	91,9	9,5	16,5
Total	41,1	30,4	55,1	56,8	89,6	8,9	16,8

(1) audiencia acumulada diaria

(2) polo menos unha vez na última semana

(3) uso no último día

Fonte: Asociación para la Investigación de Medios de Comunicación

go pola súa tirada (123.639 exemplares diarios) e difusión (105.032 exemplares), e décimo segundo diario en importancia a nivel estatal, presenta unha caída superior ao tres por cento en ambos os dous casos (3,4% e 3,3%, respectivamente). O *Faro de Vigo*, cunha tirada de 49.800 exemplares e unha difusión de 42.031 exemplares, presentou en 2004 unha caída da súa tirada do 0,7% e do 0,5% no caso da súa difusión (fonte: OJD).

▲ CADRO 3.7.10.

O grao de penetración dos diferentes medios de comunicación está reflectido no **cadro 3.7.10**. No caso dos medios de comunicación escritos (diarios, suplementos e revistas), Galicia presenta un maior grao de penetración que no caso estatal para os diarios e suplementos, ao contrario do acontecido no caso das revistas.

Comparado coas outras comunidades, o devandito cadro reflicte que Galicia é a sétima comunidade con maior penetración no caso dos diarios e a oitava no caso dos suplementos, ocupando o décimo segundo posto no que ás revistas se refire.

• Os medios audiovisuais

Atendendo ao **cadro 3.7.10.**, o grao de penetración do **cine**, medido pola porcentaxe de persoas que asistira ás salas polo menos unha vez na semana antes da enquisa, foi do 7,7% (8,9% no conxunto estatal). Comparado coas outras comunidades autónomas, Galicia presenta un grao de penetración deste medio superior ao rexistrado en Extremadura (5,6%), Castela A Mancha (5,2%), Murcia (5%), Castela-León (7,1%), Aragón (5,9%) e Asturias (7,6%).

Os datos da SGAE reflicten, **cadro 3.7.11.**, que o número de espectadores nas salas de cine ascendeu a 5.895.995 persoas, un 5,5% máis que en 2003, acadando a recadación os 27.282,3 miles de euros (un 9,8% máis que en 2003). Comparado co total estatal, os espectadores galegos representan o 4,2% do total de persoas que van ao cine en España, sendo a importancia relativa da recadación do 4%.

CADRO 3.7.11. ►

Espectadores e recadación nos centros con actividades culturais 2003-04

	Galicia			España		
	Espectadores 2003	Espectadores 2004	Recadación 2003 (en miles de €)	Espectadores 2003	Espectadores 2004	Recadación 2003 (en miles de €)
Artes escénicas	465.574	552.104	2.687,2	14.341.455	15.361.469	175.329,9
Teatro	418.619	467.958	2.231,5	11.803.480	12.732.522	123.490,3
Danza	27.733	60.448	1.518,391	1.518.391	1.538.230	19.934,6
Género lírico	19.222	23.698	194,6	1.019.584	1.090.717	31.905,0
Música clásica	298.732	-	582,4	4.901.017	-	36.544,3
Música popular	1.469.382	1.666.613	2.274,3	22.739.464	22.149.795	115.883,9
Concertos y recitais	-	-	-	-	-	-
Cine	5.571.087	5.895.995	24.594,7	135.764.619	141.004.346	636.143,5
						681.695,7

Fonte: Sociedad General de Autores de España

Consumo diario de radio e televisión nas CC.AA. 2002-04

	2002		2003		2004	
	Radio	Televisión	Radio	Televisión	Radio	Televisión
(media de minutos sobre o total da poboación)						
Andalucía	95	244	116	264	111	261
Aragón	106	204	118	232	116	229
Asturias	108	223	134	247	122	250
Baleares	88	214	91	227	131	239
Canarias	100	212	107	223	111	213
Cantabria	128	230	127	216	132	220
Castela e León	104	247	115	265	119	248
Castela - A Mancha	96	259	99	251	98	246
Cataluña	106	227	127	229	112	228
C. Valenciana	108	244	119	261	116	250
Extremadura	87	245	97	271	93	260
Galicia	89	214	108	244	103	215
Madrid	108	244	126	235	121	234
Murcia	97	228	107	257	117	227
Navarra	109	225	113	230	119	246
País Vasco	125	233	133	227	135	221
A Ríoxa	104	229	117	288	117	231
Total	103	235	118	246	115	239

Fonte: Asociación para la Investigación de Medios de Comunicación

◀ CADRO 3.7.12.

En relación á **radio** e a **televisión**, o grao de penetración dos mesmos é do 53,9% e o 86,9%, respectivamente. Comparado co conxunto de comunidades autónomas, Galicia ocupa o posto décimo cuarto e décimo quinto, respectivamente, en canto ao grao de penetración da radio e televisión.

O consumo medio diario de radio da poboación galega redúcese no ano 2004, para acadar os 103 minutos (108 minutos no ano anterior), fronte aos 115 minutos de media do conxunto estatal. Comparado coas outras comunidades, neste ano Galicia se converte na terceira comunidade con menor consumo diario, tras Extremadura e Castela-A Mancha.

No caso da televisión, o consumo medio diario diminúe ata os 215 minutos (244 minutos no ano precedente) fronte aos 239 minutos de media en España. Comparado co resto das comunidades autónomas, Galicia é a segunda comunidade con menor consumo, por detrás de Canarias.

Finalmente, hai que facer mención ao uso de **internet** en Galicia. O grao de penetración en Galicia deste medio de comunicación –medido como a porcentaxe de usuarios no último mes antes da enquisa– medra no ano 2004 ata os 27,2% (23,6% no ano anterior). No conxunto do Estado, a porcentaxe de persoas maiores de catorce anos que usou internet nos últimos 30 días foi 32,4% (26,9% en 2003).

PARTICIPACIÓN CÍVICA

O **cadro 3.7.13.** amosa que en maio de 2005 hai rexistradas un total de 26 fundacións declaradas de interese galego na Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado (esta encárgase de asesorar, informar e tutelar a aquelas fundacións que perseguen, entre os seus fins, o apoio á familia, á infancia e xuventude, á muller, ao deporte e ao voluntariado), das que 13 están emprazadas na provincia de A Coruña e 9 en Pontevedra.

No concernente ás entidades de iniciativa social, na devandita data hai

Participación social 2004⁽¹⁾: Fundacións de interese galego e asociacións ⁽²⁾

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Resto España	Total Galicia
Fundacións de interese galego	13	2	2	9	-	26
Directorio de asociacións	1.001	389	543	763	35	2.731
Familia, infancia e menores	229	62	72	155	28	546
Minorías étnicas	46	3	15	26	2	92
Muller	249	149	156	242	5	801
Entidades de Xuventude	477	175	300	340	-	1.292
Asociacións	340	106	216	252	-	914
Entidades prestadoras de servizos	137	69	84	88	-	378

(1) recolle aquelas que figuran nos rexistros e censos da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado

(2) datos recollidos a maio de 2005

Fonte: Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, Directorio de fundacións e entidades de iniciativa social

CADRO 3.7.13. ▲

CADRO 3.7.14. ►

Entidades de acción voluntaria rexistradas en Galicia 2004

	Entidades privadas sen ánimo de lucro	Entidades dependentes da Admón. Autónoma	Entidades Locais	Total entidades 2004	Total inscricións
A Coruña	27	1	3	31	199
Lugo	10	1	8	19	67
Ourense	23	-	9	32	158
Pontevedra	29	1	8	38	156
Galicia	89	3	28	120	580

Fonte: Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado

rexistradas un total de 2.731 entidades, das que 1.292 corresponden a entidades de xuventude (914 asociacións e 378 entidades prestadoras de servizos), 801 a asociacións de mulleres, 546 a asociacións de familia, infancia e menores, e 92 asociacións de minorías étnicas.

A finais de 2004 estaban inscritas no Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria de Galicia un total de 580 entidades, das que 120 realizáronse no último ano. Tal como indica o **cadro 3.7.14.**, destas cento vinte inscricións, 38 entidades pertencen á provincia de Pontevedra, 32 a Ourense, 31 a A Coruña, e as restantes 19 entidades, a Lugo. Atendendo ao tipo de entidade, cómpre salientar que a meirande parte das mesmas, con 89 inscricións, corresponden a entidades privadas sen ánimo de lucro, fronte ás 28 entidades locais e as 3 entidades dependentes da Administración autonómica.

Finalmente cómpre salientar que as axudas concedidas a entidades de acción voluntaria ascendeu en 2004 a 1.183,6 miles de euros, dos que 559,5 miles de euros foron para entidades de acción voluntaria e organizacións sen ánimo de lucro, 484,1 miles de euros foron para concellos e 140,0 miles de euros, para as universidades. En total, 269 entidades repartíronse as axudas, correspondendo a 146 entidades sen ánimo de lucro, a 120 concellos e a 3 universidades. ■